Concello de Paradela

José Manuel Mato Díaz (1 para 2)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 27/05/2016
HASH: bbeeef71ad1185f79431c5b7ded41b49

José López González (2 para 2)
Secretario-Interventor
Data de Sinatura: 27/05/2016
HASH: 8b4387fad9c2a19a5c59309563f8166b

**ACTA Nº 3/2016**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E SEIS DE MAIO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

En Paradela, a vinte e seis de maio de 2016

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dez minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- Dª SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- Dª Mª MONTSERRAT MULET SAR
- Dª ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluidos na orde do día.

**1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 31 DE MARZO DE 2016.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demáis membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 31 de marzo de 2016 da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Dona Sonsoles López, fai unha aclaración respecto da páxina 19 punto 7 da referida acta, onde se di que na miña intervención se felicita polo sentido da sentencia, se ben recoñece que noutro tempo estaba na outra banda por unha teima persoal; explica que cando se fala dunha teima persoal esta non era referida a miña persoa senón a un persoa da institución provincial da que forma parte.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria de data 31 de marzo de 2016. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros que asisten á sesión, sendo este o seu número legal de membros.

**2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado.

**3º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) NO LUGAR DE A CORTIÑA (PARADELA).**

Consta no expediente, a proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

*"Visto que en sesión ordinaria celebrada en data 28 de xaneiro de 2016, mediante acordo do Pleno por unanimidade, foi aprobado inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para o cambio de ubicación dun ámbito destinado a equipamentos no solo urbano de Paradela para correxilo erro existente no PXOM, definido equivocadamente como un equipamento, e que este foi sometido á información pública por un prazo de dous meses mediante un anuncio no Diario Oficial de Galicia núm. 35 de data 22 de febreiro de 2016 e nos xornais La Voz de Galicia e El Progreso da mesma data.*

*Visto que se lles deu audiencia, simultaneamente e durante o mesmo prazo de información pública, aos municipios limítrofes, para os efectos de que presentasen todas as alegacións que considerasen pertinentes, non presentándose alegación algunha por parte do Concellos. Unicamente se fai constar o acordo do Concello de Sarria de data 17 de febreiro de 2016 polo que a Xunta de Goberno Local douse por enterada do informe técnico emitido pola arquitecta técnica do Concello de Sarria no que de xeito textual se fai constar "A presente modificación afecta ó casco urbán de Paradela que non é lindante co Concello de Sarria nin supón afección ós servizos de comunicación e instalacións así cmo tampouco afecta a elementos catalogados ou inventariados do Concello de Sarria.*

*Visto que durante o período de información pública non foi presentada alegación algunha.*

*Visto que foi solicitado informe ao Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ao abeiro da Resolución do 24 de agosto de 2015 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se formula o informe ambiental estratéxico da modificación puntual do PXOM do Concello de Paradela no lugar da Cortiña-Pacios.*

*Visto o informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio de data 11 de abril de 2016, con entrada no rexistro do Concello en data 13 de abril de 2016 (rex. Núm. 302) que na súa conclusión establece de xeito textual* ***"non se formula ningunha obxeccción, polo que atinxe á paisaxe, sobre o contido desta modificación puntual".***

*Visto o informe de Secretaría-Intervención e de acordo co disposto nos artigos 22.2.c) e 47.2.ll) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Alcalde-Presidente,* ***PROPÓN*** *ao Pleno da Corporación:*

***PRIMEIRO.-*** *Que se aprobe provisionalmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, co mesmo contido que o presentado para a súa aprobación inicial ao non haberse presentado alegación algunha, nin informe sectorial que afecte ao mesmo.*

***SEGUNDO.-*** *Unha vez dilixenciado, que se traslade o expediente de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Consellería competente en*

*materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.*

*Paradela, 23 de maio de 2016 O Alcalde-Presidente Asdo.: José Manuel Mato Díaz. Documento asinado dixitalmente ao marxe".*

Sen que se produza debate algún, sómete a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola unanimidade dos nove Concelleiros que constitúen a Corporación.

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se presentaron formalmente preguntas por escrito, se ben Dona Sonsoles López Izquierdo, voceira do Grupo Municipal Socialista pide facer neste intre unhas preguntas.

Pregunta sobre que lle parece a nova distribución dos GDR e como vai a afectar a Paradela o feito de que a oficina se ubique en Chantada.

O Sr. Alcalde, resposta que como consecuencia da redución dos GDR e intentado agrupalos da mellor maneira posible, Paradela ou se incluía hacia o norte cara Lugo ou cara a Ribeira Sacra, optando por esta opción xa que o Concello forma parte do Consorcio e o anterior GDR estivo moito mellor xestionado que o de Sarria do que formabamos parte. Non cree que o feito de que a oficina se ubique en Chantada supoña perxuízo algún, xa que se darán charlas en Paradela e se tramitarán as cuestións vía telemática.

Pregunta Dona Sonsoles López, se o xerente vai ser o mesmo ou se elixirá un novo.

O Sr. Alcalde resposta que cree que o xerente se manterá, xa que goza dunha grande experiencia e acadou moi bos resultados na xestión do anterior GDR.

Realiza unha segunda pregunta, sobre onde vai desempeñar o seu traballo a Técnica de Turismo.

O Sr. Alcalde resposta que polo Camiño, en Ferrerios, Vilachá e dende o Concello, co fin de que realice algúns curso de idiomas aos hosteleiros, realización de trípticos sobre Paradela, xa que dispón dun alto nivel en idiomas.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e doce minutos do vinte e seis de maio de dous mil dezaseis, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Visto e prace**

**O Alcalde** **O Secretario-Interventor**

**Documento asinado dixitalmente ao marxe**